

**RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A ORGANIZACIÓN DO
OBRADOIRO "AULA PERMANENTE DE MÚSICA TRADICIONAL GALEGA
DO CAMPUS DE PONTEVEDRA" PARA O CURSO 2026/2027**

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra posúe capacidade para organizar cursos, obradoiros, conferencias, así como aquelas actividades que teñen como obxectivo, entre outros, a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019.

Tendo en conta o anterior, esta reitoría **RESOLVE**:

- 1 Anunciar a celebración do obradoiro "Aula permanente de música tradicional galega do campus de Pontevedra para o curso 2026/2027, con suxeición ás bases que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/ 1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso- administrativo ata que sexa resalto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A reitora

Por delegación R.R. do 2/07/2026 (D.O.G. do 8 de xullo)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

María de los Ángeles Fernández Villarino

ANEXO I

OBRADOIRO "Aula Permanente de Música Tradicional Galega campus de Pontevedra" 2026/2027

PROXECTO

A Aula Permanente de Música Tradicional do Campus de Pontevedra é un espazo formativo no que a música tradicional debe achegarse dende un enfoque lúdico á vez que proporciona ferramentas para o coñecemento da cultura galega a través de varios eixos: a adquisición das habilidades necesarias para a interpretación musical, o coñecemento da teoría musical e a comprensión dos aspectos sociais e culturais nos que se enmarca a práctica da música tradicional e popular.

A docencia estruturarase en torno a tres especialidades que garantan a continuidade da maioría do alumnado matriculado nos anos anteriores: gaita, percusión tradicional e zanfona. A maiores, a práctica de conxunto incorporaría a montaxe puntual de repertorio de canto colectivo, entendendo o repertorio vocal como un dos eixos nos que se estrutura a música tradicional galega.

OBXECTIVOS

Os obxectivos dun grupo como a Aula Permanente poden tomar como marco de referencia, pola semellanza do proxecto, os da Orde de 11 de marzo 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia. Sirvan de mostra os seguintes:

- O1. Fomentar o coñecemento e apreciación da música
- O2. Desenvolver unha oferta ampla e diversificada da educación musical
- O3. Ofrecer un ensino instrumental orientada á práctica solista e conxunto
- O4. Proporcionar un ensino musical complementario á práctica instrumental
- O5. Fomentar o interese pola participación e agrupacións vocais ou instrumentais
- O6. Organizar actuacións públicas e participar en actividades de carácter afeccionado

Estes obxectivos poden concretarse, no marco específico dun proxecto vencellado á música tradicional galega, do seguinte xeito:

- O1.1. Coñecer e apreciar a música tradicional galega nas súas diferentes manifestacións vocais e instrumentais.
- O1.2. Garantir o recoñecemento e diferenciación dos diferentes xéneros e ritmos que conforman a tradición musical de Galicia.
- O2.1. Achegar a música tradicional ós diferentes sectores de poboación como un elemento máis da cadea de transmisión da cultura propia.
- O3.1. Ofrecer espazos para a práctica instrumental solista dentro de práctica grupal atendendo ás características das formacións de música tradicional propias.
- O3.2. Desenvolver e consolidar un repertorio de conxunto, atendendo á expresión musical

e á afinación para practicar a interpretación en grupo nunha formación habitual do instrumento.

- O4.1. Adquirir coñecementos básicos sobre os principais intérpretes e o seu repertorio e as diferentes cornamusas para ser conscientes da importancia de preservar o patrimonio da música tradicional.
- O4.2. Adquirir coñecementos básicos de teoría musical que permitan unha achega máis consciente á interpretación musical.
- O5.1. Coñecer as diferentes formacións propias da música tradicional galega, así como as novas formacións baseadas na música popular galega, e fomentar a participación do alumnado nelas.
- O6.1. Realizar audicións públicas prestando atención ós aspectos expresivos e técnicos do repertorio con vistas a unha progresiva profesionalización da interpretación.
- O6.2. Fomentar a práctica instrumental como elemento lúdico en espazos alleos á propia Aula.

Os obxectivos O3.1., O5.1. e O6.1, no caso de que o alumnado poida cumprir cos requisitos e as circunstancias así o permitisen, poden ter continuidade coa formación de carácter semiprofesional que se realiza no Grupo de Música Tradicional.

Paralelamente, propóñense os seguintes obxectivos:

- O7. Realizar exercicios de quecemento, estiramento e concentración de forma guiada coa fin de adquirir hábitos saudables de estudo.
- O8. Aplicar os coñecementos musicais teóricos adquiridos na práctica instrumental.
- O9. Fomentar a igualdade na música tradicional mediante o estudo do repertorio de compositoras e das referentes.

CONTIDOS

A concreción dos obxectivos plasmados no apartado anterior concrétese nos seguintes contidos xerais para tódolos instrumentos, e específicos para cada un:

- XERAIS:

- C1. Traballo de elementos chave que interveñen no fraseo musical (articulación, ornamentación e silencio) adecuándoos aos diferentes estilos interpretativos.
- C2. Exercicio de improvisación de variacións melódicas sinxelas, así como de ornamentación, sobre melodías de corte tradicional.
- C3. Estudo de traballos audiovisuais e bibliográficos sobre a música tradicional e o instrumento.
- C4. Adestramento permanente e progresivo da memoria tanto a curto e longo prazo, como da memoria auditiva, mecánica e visual.
- C5. Práctica da lectura a vista.
- C6. Estudo das diferentes escalas e modos.
- C7. Práctica de interpretación en conxunto en formacións habituais.
- C8. Interpretación en público do repertorio traballado na aula
- C9. Práctica de estiramientos, quecements e exercicios de concentración.

- ESPECÍFICOS:

Gaita

- Estudo e coñecemento das principais ornamentacións e articulacións
- Práctica da afinación con sistemas de referencia propios
- Práctica de afinación en conxunto
- Estudo de repertorio propio do instrumento
- Estudo de repertorio propio de outras cornamusas
- Coñecemento dos principais intérpretes tradicionais e estilos interpretativos

Percusión:

- Estudo das principais fórmulas rítmicas da música tradicional
- Comprensión das estruturas rítmicas
- Práctica dos diferentes instrumentos da percusión tradicional: pandeireta, tambor, bombo, culleres, tarrañolas, cunchas...
- Comprensión da improvisación como ferramenta musical básica na interpretación da percusión galega
- Estudo de exercicios de técnica básica específicos a cada instrumento

Zanfona:

- Estudo e coñecemento das principais ornamentacións e articulacións
- Práctica da afinación con sistemas de referencia propios
- Práctica de afinación en conxunto
- Coñecemento dos principais intérpretes tradicionais

DÍAS E HORAS

Os martes de 16:00 a 21:00 horas en dous bloques:

Bloque I: do 15 de setembro de 2026 ata o 26 de xaneiro de 2027

Setembro 2026: 15-22-29

Outubro 2026: 6-20-27

Novembro 2026: 3-10-17-24

Decembro 2026: 1-15-22

Xaneiro 2027: 12-19-26

Bloque II: do 11 de febreiro ata o 17 de xuño de 2027

Febreiro 2027: 16-23

Marzo 2027: 2-9-16-30

Abril 2027: 6-13-20-27

Maio 2027: 4-11-18-25

Xuño 2027: 1-8-15-22

LUGAR

Salón de Actos da Escola de Enxeñaría Forestal.

DOCENTE

Marina Fernández Vigo

TOTAL HORAS OBRADOIRO: 170

Horas Bloque I: 80

Horas Bloque II: 90

PRAZAS: 80

Prazas Bloque I: 40

Prazas Bloque II: 40

MATRÍCULA: campusactivo.uvigo.gal

O obradoiro vai dirixido inicialmente a membros da comunidade universitaria (PDI, PTXAS e Alumnos e alumnas) para os que se prevé unha reserva de 10 prazas en cada bloque.

PREFERENCIAS E PRAZOS DE MATRÍCULA

Bloque I:

7 e 8 de setembro de 2026. **Comunidade universitaria UVigo: 10 PRAZAS.**

Do 10 ao 14 de setembro de 2026. **Comunidade universitaria da UVigo e público en xeral: 30 PRAZAS máis as vacantes do prazo**

anterior.

Bloque II:

1 e 2 de febrero de 2027. **Comunidade universitaria UVigo: 10 PRAZAS.**

Do 4 ao 8 de febreiro de 2027. **Comunidade universitaria da UVigo e público en xeral. 30 PRAZAS máis as vacantes do prazo anterior.**

IMPORTE MATRÍCULA:

Bloque I: 40,00€

Bloque II: 40,00€

Colectivos A e B da comunidade universitaria: redución do 35% sobre o prezo de matrícula

Colectivo C da comunidade universitaria: redución do 20% sobre o prezo de matrícula

A pertenza aos colectivos da Universidade de Vigo pode consultarse no seguinte enlace:

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/55>

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:

INFORMASE QUE AS ACTIVIDADES OBXECTO DO PRESENTE OBRADOIRO PODERÁN SER RECOLLIDAS EN IMAXES E/OU GRAVACIÓNS QUE, Á SÚA VEZ, PODERÁN SER OBXECTO DE DIVULGACIÓN NA PÁXINA WEB OFICIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO, CONSONTE A NORMATIVA VIXENTE".

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/ 46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria do obradoiro "Aula permanente de música tradicional galega para o curso 2026/2027 no campus de Pontevedra". Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases desta resolución. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.gal. Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito

tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>. Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal. Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).